



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2024

1. NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DO ICA SANTIAGO

Consonte os artigos 40 e 43 da Lei 39/2015 e en desenvolvemento do establecido nos artigos 119 e seguintes do Estatuto deste colexio, a Xunta de Goberno, na sesión do pasado 2 de febreiro, acordou que a partir da data deste acordo se implantará de forma paulatina o sistema de notificacións administrativas electrónicas previstas na citada lei. Polo tanto, as notificacións que realice este colexio en calquera tipo de expedientes pasarán a notificarse de forma electrónica mediante a plataforma XolidoSign (contratada para o efecto polo Consello da Avogacía Galega).

Os colexiados/as ou as persoas interesadas ás que se lles notifique un acordo ou unha resolución recibirán unha mensaxe na conta de correo electrónico facilitada na que se lle comunica que teñen á súa disposición a dita notificación. No caso dos colexiados, poderán acceder e descargar os documentos a través da sinatura dixital (ACA, DNIe, FNMT etc.). As persoas non colexiadas recibirán un código PIN para acceder á descarga dos documentos notificados.

Esta notificación electrónica entenderase practicada no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A plataforma xerará automaticamente un certificado con todos os datos de acceso (día e hora e demais datos técnicos de trazabilidade).

No caso de que non se acceda ao seu contido no prazo de 10 días, a notificación entenderase efectuada unha vez que este transcorra (tamén se xera unha certificación para este caso).

Lembramos que, segundo o artigo 44.g) do Estatuto colexial, é un deber do colexiado/a manter actualizado o seu enderezo de correo electrónico na base de datos do Colexio. No caso de que este enderezo non estea actualizado, a notificación remitirase á conta de correo que consta na sinatura dixital (carné colexial).

2. GUÍA COLEXIAL 2024: ACTUALIZACIÓN DE DATOS

Coma todos os anos, o Colexio vai editar proximamente a *Guía Colexial 2024*. Ábrese un prazo **ata o vindeiro 21 de febreiro**, ás 14 h, para que os colexiados e colexiadas comuniquen na conta de correo icajuzgado@icasantiago.org calquera modificación que desexen aplicar nos seus datos profesionais. Os cambios posteriores a esta data non serán aplicables na edición deste ano.

Así mesmo, os colexiados/as que desexen incorporar unha fotografía á guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización para a súa publicación. Unha vez aplicados todos os cambios, o borrador da guía quedará exposto na páxina web durante 5 días para que poida ser revisado e corrixir posibles erros.

De acordo co establecido no artigo 37.c) do Estatuto colexial, é un deber do colexiado/a “comunicar o seu domicilio ou os eventuais cambios...”.



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2024

3. ACORDO EN RELACIÓN COAS QUEIXAS DOS LETRADOS/AS POLA ORDE E OS HORARIOS DOS SINALAMENTOS DAS VISTAS NO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 4

Achegamos a seguir o texto do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do 01.02.2024:

«A Xunta de Goberno está a recibir queixas dalgúns letrados e letradas en canto á orde e os horarios dos sinalamentos das vistas no Xulgado do Social Núm. 4 de Santiago de Compostela. Quéixanse de que é habitual que se sinalen para primeira hora da mañá os procedementos máis complexos con moitas testemuñas e que iso provoca atrasos importantes noutros procedementos que están sinalados con intervalos de 10 ou 15 minutos durante a mañá.

Ante esta situación, esta Xunta de Goberno por unanimidade aproba solicitar ao xulgado que no posible se intente sinalar os procedementos menos complexos (procedementos ordinarios de pouca complexidade, sen testemuñas ou procedementos da seguridade social) á primeira hora da mañá e que se deixen aqueles de especial complexidade (despedimentos, extincións de contratos, sancións laborais ou procedementos con moitas testemuñas) para as últimas horas da mañá, como última vista que celebrar no día. Tamén se propón que, cando un procedemento complexo se teña que sinalar para a primeira hora da mañá, non se sinale outra vista aos 10 ou 15 minutos se se prevé que pola súa complexidade ou número de testemuñas a súa duración vaia superar eses tempos.»